


# 5 E

## xpresións alxébricas



Amparo quere fabricar as catro velas que deseñou sobre o lenzo, pero áinda non se decidiu sobre algunha das súas dimensións. Para facelo necesita saber o seu volume (canta cera gastará?) e a súa superficie total (canto lle custará pintalas?).

- 1** Escribe a expresión do volume dos catro obxectos en función de  $r$  ou de  $l$ . Indaga o seu valor para  $r = 6\text{ cm}$  e para  $l = 10\text{ cm}$ .

- 2** Escribe a expresión da superficie total destes catro obxectos en función de  $r$  ou de  $l$ . Indaga o seu valor para  $r = 6\text{ cm}$  e para  $l = 10\text{ cm}$ .

1. Solucións a estes problemas.

# 1 Monomios

## Observa

Hai moitas situacións nas que aparecen monomios:



área  $\rightarrow x^2$   
perímetro  $\rightarrow 4x$



área  $\rightarrow xy$



volumen  $\rightarrow x^3$   
superficie  $\rightarrow 6x^2$

As seguintes expresións alxébricas son monomios:

$$3x^2 \quad 2y \quad -5x^2y \quad -\frac{2}{3}x^3$$

**Monomio** é o produto indicado dun número por unha ou máis letras:

- As letras (**parte literal**) representan números de valor descoñecido. Por iso conservan todas as propiedades dos números e as súas operacións.
- **Coeficiente** é o número que intervén.

Chámasele **grao** dun monomio ao número de factores que forman a súa parte literal.

Un número pode ser considerado como un monomio de grao 0, pois  $x^0 = 1$ .

Por exemplo:

MONOMIO	$3x^2$	$2y$	$-5x^2y$	$-\frac{3}{2}x^3$	$x$	7
COEFICIENTE	3	2	-5	$-\frac{3}{2}$	1	7
PARTE LITERAL	$x^2$	$y$	$x^2y$	$x^3$	$x$	non ten
GRAO	2	1	3	3	1	0

Dous **monomios** son **semellantes** cando teñen idéntica a parte literal.

Por exemplo:  $2x$ ,  $-5x$ ,  $\frac{3}{4}x$ ,  $x$  son semellantes.

$5x^2$ ,  $\sqrt{2}x^2$ ,  $\frac{3}{5}x^2$ ,  $x^2$  son semellantes.

**Valor numérico** dun monomio para certo valor de cada unha das letras que interveñen é o resultado que se obtén ao efectuar as operacións cos números que resultan da substitución.

Por exemplo, o valor numérico de  $3xy$  para  $x = 2$ ,  $y = -5$  é  $3 \cdot 2 \cdot (-5) = -30$ .

## Actividades

1 Indica o coeficiente e o grao destes monomios:


a)  $-2x^7$       b)  $x^9$       c)  $x$       d) 5

4 Escribe dous monomios semellantes en cada caso:

a)  $-5xy$       b)  $2x^3$       c)  $x$

5 A base dun ortoedro é un cadrado de lado  $x$ . A súa altura é  $y$ . Expresa:

- a) A área dunha base.
- b) A área dunha cara lateral.
- c) O perímetro da base.
- d) O volume.



2 Acha o valor numérico dos seguintes monomios para  $x = 3$ ,  $y = -2$ :

a)  $5x^3$       b)  $2xy$       c)  $xy^2$       d)  $-xy$

3 Di cales dos seguintes monomios son semellantes a  $5x^2$ :

$7x^2$ ,  $5x^3$ ,  $5x$ ,  $5xy$ ,  $x^2$ ,  $3x^2y$

# 20 operacións con monomios

## Suma e resta de monomios

A **suma** de monomios semellantes é outro monomio, tamén semellante a eles, cuxo coeficiente é a suma dos seus coeficientes.

Se dous monomios non son semellantes, a súa suma non se pode simplificar e hai que deixala indicada.

A **resta** é un caso particular da suma.

Por exemplo:  $7x^2 + 11x^2 = 18x^2$

$$3xy - 4xy + 7xy = 6xy$$

$7x - 2x^2$  non se pode simplificar.

## Produto de monomios

O **produto** de dous monomios é outro monomio cuxo coeficiente é o produto dos coeficientes, e a súa parte literal, o produto das partes literais dos factores.

Por exemplo:  $(2x) \cdot (3x^2) = 6x^3$

$$(2x) \cdot (3xy) = 6x^2y$$

$$3x^2 \cdot \frac{1}{\sqrt{3}}y = \frac{3}{\sqrt{3}}x^2y = \sqrt{3}x^2y$$

$$(2x^2)^3 = 2^3 \cdot (x^2)^3 = 8x^6$$

$$(\sqrt{3}x)^2 = (\sqrt{3})^2x^2 = 3x^2$$

## Cociente de monomios

O **cociente** de dous monomios é un monomio ou non o é, dependendo de como sexan o numerador e o denominador.

$\frac{3x^2}{2x} = \frac{3}{2}x$ ;  $\frac{2x^2}{xy} = \frac{2x}{y}$  non é un monomio (ten parte literal no denominador).

## Actividades



- 1 Efectúa as seguintes sumas de monomios. Cando o resultado non poida simplificarse, déixao indicado:

- a)  $5x - 3x + 4x + 7x - 11x + x$   
b)  $8x^2 - 5x^2 + \frac{2}{3}x^2 + x^2 - \frac{x^2}{3} + \frac{7}{3}x^2$   
c)  $x + 7x - x^2 + 3x + 5x^2 - 2x^2$   
d)  $3x^2y - 5x^2y + 2x^2y + x^2y$   
e)  $7x^3 - 11x^3 + 3y^3 - y^3 + 2y^3 - 4$

- 2 Opera.

- a)  $(3x^2) \cdot (5xy)$       b)  $(\sqrt{3}x) \cdot (\sqrt{3}y)$   
c)  $(3xy)^2 : (2x^2)$       d)  $(\sqrt{3}x)^2 \cdot (2x)$   
  
3  $A = 5x^2$ ,  $B = 4x$ ,  $C = -2x^2$ . Calcula:  
a)  $A + C$       b)  $A \cdot B$       c)  $2A + 3C$   
d)  $B^3$       e)  $A^2 - C$       f)  $A + B^2 + 10C$   
g)  $(A \cdot B) : C$       h)  $C : B$       i)  $(A : C) \cdot B$

# 3 P olinomios



Área dunha base =  $x \cdot x = x^2$

Área dunha cara lateal =  $x \cdot y$

Imos escribir en linguaxe alxébrica algúns enunciados:

- a) O perímetro do rectángulo da marxe:

$$\text{Perímetro} \rightarrow 2x + 2y$$

- b) O cadrado dun número máis o seu triplo  $\rightarrow x^2 + 3x$

- c) A superficie do ortoedro da marxe:

$$\text{Superficie} \rightarrow 2x^2 + 4xy$$

- d) A idade de Elvira máis a de Lorena, que lle saca tres anos:

$$\begin{array}{l} \text{Elvira} \rightarrow x \\ \text{Lorena} \rightarrow x + 3 \end{array} \left\{ \begin{array}{l} x + x + 3 \\ x + 3 \end{array} \right\} \rightarrow 2x + 3$$

As expresións obtidas en cada un dos enunciados son *polinomios*.

Un **polinomio** é a suma de dous ou máis monomios. Cada un dos monomios que o forman chámase **termo**. Tamén os monomios poden ser considerados polinomios cun só termo.

É posible que nun polinomio haxa algúns monomios semellantes. En tal caso, convén operar con eles simplificando a expresión e obtendo o polinomio na súa **forma reducida**.

Por exemplo:  $5x^2 + 4x^4 - 2x^2 - 3x^4 + 1 \rightarrow x^4 + 3x^2 + 1$

$$3x^3 - 2x^2 - 2x^3 + x - x^3 - 5 \rightarrow -2x^2 + x - 5$$

Chámaselle **grafo** dun polinomio ao maior dos graos dos monomios que o componen cando o polinomio está na súa forma reducida.

É necesario reducir o polinomio antes de dicir o seu grao, xa que é posible que os monomios de maior grao se simplifiquen e desaparezan.

Por exemplo:  $5x^2y + 5x - 8y^2$  ten grao 3, pois é o grao de  $5x^2y$ .


$$7x^3 - 5x^2 + 3x^3 - 2x - 10x^3 = -5x^2 - 2x \text{ ten grao 2.}$$

## Actividades

- 1** Expresa mediante un polinomio cada un destes enunciados:

- a) A suma dun número máis o seu cubo.
- b) A suma de dous números naturais consecutivos.
- c) O perímetro dun triángulo isóscele (chámalle  $x$  ao lado desigual e  $y$  aos outros dous lados).
- d) A área total dun cilindro de 4 m de altura en función do raio da base,  $r$ .
- e) A área total dun ortoedro cuxa base é un cadrado de lado  $l$  e cuxa altura é 5 m.

- 2** Expresa alxebriticamente o perímetro deste triángulo rectángulo:



- 3** Di o grao de cada un destes polinomios:

a)  $x^5 - 6x^2 + 3x + 1$

b)  $5xy^4 + 2y^2 + 3x^3y^3 - 2xy$

c)  $x^2 + 3x^3 - 5x^2 + x^3 - 3 - 4x^3$

d)  $2x^2 - 3x - x^2 + 2x - x^2 + x - 3$

# 40 operaciones con polinomios

## D Definición

Chámaselle **oposto** dun polinomio ao que resulta de cambiar de signo todos os seus termos:

$$\begin{aligned} -(x^3 + 2x^2 - 5x - 11) &= \\ &= -x^3 - 2x^2 + 5x + 11 \end{aligned}$$

## S Suma e resta de polinomios

Para sumar dous polinomios, agrupamos os seus termos e simplificamos os monomios semellantes. Para restar dous polinomios, súmaselle ao minuendo o oposto do substraendo.

Por exemplo:  $A = 3x^2 + 5x - 2$ ,  $B = x^3 + 4x^2 - 5$

$$\begin{array}{r} A \\ + B \\ \hline A + B \end{array} \rightarrow \begin{array}{r} 3x^2 + 5x - 2 \\ x^3 + 4x^2 \quad - 5 \\ \hline x^3 + 7x^2 + 5x - 7 \end{array}$$
$$\begin{array}{r} A \\ - B \\ \hline A - B \end{array} \rightarrow \begin{array}{r} 3x^2 + 5x - 2 \\ -x^3 - 4x^2 \quad + 5 \\ \hline -x^3 - x^2 + 5x + 3 \end{array}$$

Ás veces escribimos directamente o resultado, quitando parénteses (se as hai) agrupando os monomios semellantes. Por exemplo:

- $(x^2 + 3x + 2) + (2x^2 - 5) = x^2 + 3x + 2 + 2x^2 - 5 = 3x^2 + 3x - 3$
- $(3x + 1) - (2x - 3) = 3x + 1 - 2x + 3 = x + 4$

## P Produto dun monomio por un polinomio

Para multiplicar un monomio por un polinomio, multiplícase o monomio por cada termo do polinomio.

Por exemplo:  $M = x^3 - 2x^2 + 5x - 1$ ,  $N = 3x^2$

$$\begin{array}{r} M \\ \times N \\ \hline M \cdot N \end{array} \rightarrow \begin{array}{r} x^3 - 2x^2 + 5x - 1 \\ \hline 3x^2 \\ 3x^5 - 6x^4 + 15x^3 - 3x^2 \end{array}$$

Tamén, neste caso, podemos escribir directamente o resultado. Por exemplo:

- 
- $(2x^2 - 3) \cdot (2x) = 4x^3 - 6x$
  - $7(2x + 5) = 14x + 35$
  - $(5x^2)(6x^2 - 4x + 3) = 30x^4 - 20x^3 + 15x^2$

## Actividades

- 1 Sexan  $P = x^4 - 3x^3 + 5x + 3$ ,  $Q = 5x^3 + 3x^2 - 11$ .  
Acha  $P + Q$  e  $P - Q$ .

- 2 Efectúa.

- a)  $2x(3x^2 - 4x)$   
c)  $4x^2(-2x + 3)$   
e)  $-6(x^3 - 4x + 2)$
- b)  $5(x^3 - 3x)$   
d)  $-2x(x^2 - x + 1)$   
f)  $-x(x^4 - 2x^2 + 3)$

- 3 Acha os produtos seguintes:
- |                           |                          |
|---------------------------|--------------------------|
| a) $x(2x + y + 1)$        | b) $2a^2(3a^2 + 5a^3)$   |
| c) $ab(a + b)$            | d) $5(3x^2 + 7x + 11)$   |
| e) $x^2y(x + y + 1)$      | f) $5xy^2(2x + 3y)$      |
| g) $6x^2y^2(x^2 - x + 1)$ | h) $-2(5x^3 + 3x^2 - 8)$ |
| i) $3a^2b^3(a - b + 1)$   | k) $-2x(3x^2 - 5x + 8)$  |

## Produto de dous polinomios

Para multiplicar dous polinomios, multiplícase cada monomio dun dos factores por todos e cada un dos monomios do outro factor e, despois, súmanse os monomios semellantes obtidos.

Por exemplo:  $P = 2x^3 - 4x^2 - 1$ ,  $Q = 3x - 2$

$$\begin{array}{r}
 2x^3 - 4x^2 & - 1 & \leftarrow P \\
 & 3x - 2 & \leftarrow Q \\
 \hline
 -4x^3 + 8x^2 & + 2 & \leftarrow \text{produto de } -2 \text{ por } P \\
 \\ 
 6x^4 - 12x^3 & - 3x & \leftarrow \text{produto de } 3x \text{ por } P \\
 \hline
 6x^4 - 16x^3 + 8x^2 - 3x + 2 & & \leftarrow P \cdot Q
 \end{array}$$

Ás veces, cando hai poucos termos, realizamos o producto escribíndoo directamente. Por exemplo:

$$(2x^2 - 1)(3x + 4) = 6x^3 + 8x^2 - 3x - 4$$

# División de polinomios

A división de polinomios é similar á división enteira de números naturais. Vexamos como se procede na práctica dividindo dous polinomios concretos:

$$P(x) = 2x^3 - 7x^2 - 11x + 3 \quad Q(x) = 2x + 3 \quad P(x) : O(x)$$

$$2x^3 - 7x^2 - 11x + 13$$

$$|2x + 3$$

$$\boxed{2x + 3}$$

$$x^2 - 5x + 2$$

$$(4x) : (2x) = \underline{\underline{2}}$$

$$\text{DIVIDENDO} = \text{DIVISOR} \cdot \text{COCIENTE} + \text{RESTO}$$

$$\text{Polo tanto: } 2x^3 - 7x^2 - 11x + 3 = (2x + 3) \cdot (x^2 - 5x + 2) + 7$$

## Actividades

- 4** Dados os polinomios  $P = 3x^2 - 5$ ,  $Q = x^2 - 3x + 2$ ,  $R = -2x + 5$ , calcula:

  - $P \cdot R$
  - $Q \cdot R$
  - $P \cdot Q$

**5** Opera e simplifica:

  - $2x(3x^2 - 2) + 5(3x - 4)$
  - $(x^2 - 3)(x + 1) - x(2x^2 + 5x)$
  - $(3x - 2)(2x + 1) - 2(x^2 + 4x)$

**6** Efectúa  $P(x) : Q(x)$  en cada caso e expresa o resultado así:

$$P(x) = Q(x) \cdot \text{COCIENTE} + \text{RESTO}$$
  - $P(x) = 3x^2 - 11x + 5$        $Q(x) = x + 6$
  - $P(x) = 6x^3 + 2x^2 + 18x + 3$        $Q(x) = 3x + 1$
  - $P(x) = 6x^3 + 2x^2 + 18x + 3$        $Q(x) = x$
  - $P(x) = 5x^2 + 11x - 4$        $Q(x) = 5x - 2$

# 5 Factorización de polinomios

## Ten en conta

A detección de factores comúns, xunto coa aplicación das “identidades notables”, permitirános descompoñer en factores algúns polinomios.

## Sacar factor común

Cando todos os termos dun polinomio,  $P(x)$ , son múltiplos dun mesmo monomio,  $M(x)$ , podemos extraer  $M(x)$  como **factor común**.

Por exemplo:

$$P(x) = 6x^4 - 9x^3 + 12x^2 - 3x$$

O monomio  $M(x) = 3x$  é factor común a todos os termos de  $P(x)$ . Polo tanto

$$P(x) = 3x(2x^3 - 3x^2 + 4x - 1)$$

Para convencernos de que as dúas expresións son iguais e comprobar que non nos equivocamos, podemos realizar a multiplicación, quitando a paréntese:

$$3x(2x^3 - 3x^2 + 4x - 1) = 6x^4 - 9x^3 + 12x^2 - 3x$$

## Exercicio resolto

Extraer factor común en cada un dos seguintes polinomios:

a)  $A(x) = 100x^5 - 80x^4 + 16x^3$

b)  $B(x) = 45x^5 + 120x^3 + 80x$

c)  $C(x) = x^3 + x^2 + x$

a) Todos os sumandos teñen o factor  $x^3$ . Ademais, 100, 80 e 16 son múltiplos de 4. Por tanto, podemos sacar  $4x^3$  como factor común:

$$A(x) = 4x^3(25x^2 - 20x + 4)$$

b)  $5x$  é factor común aos tres sumandos:

$$B(x) = 5x(9x^4 + 24x^2 + 16)$$

c)  $x$  é factor común aos tres sumandos:

$$C(x) = x(x^2 + x + 1)$$

En todos os casos podemos comprobar que se quitamos a paréntese realizando a multiplicación obtemos as expresións iniciais.

## Actividades

1 Saca factor común en cada un dos seguintes polinomios:

a)  $A(x) = 3x^3 - 2x^2 + 5x$

b)  $B(x) = 2x^4 - 2x^3 + 2x^2$

c)  $C(x) = 20x^3 + 15x$

d)  $D(x) = 2x^6 + 4x^3 - 2x$

2 Extrae factor común en cada un dos polinomios seguintes:

a)  $P(x) = 490x^3 - 420x^2 + 90x$

b)  $R(x) = 20x^6 + 60x^4 + 45x^2$

c)  $S(x) = 81x^4 - 36x^2$

d)  $T(x) = 4x - 100x^5$

## Lembra

**Identidades notables:**

$$(a + b)^2 = a^2 + 2ab + b^2$$

$$(a - b)^2 = a^2 - 2ab + b^2$$

$$(a + b)(a - b) = a^2 - b^2$$

## Identidades notables para factorizar

**Factorizar** é expresar como produto de dous ou máis factores un número ou unha expresión alxébrica.

As identidades notables axudan no proceso de factorizar polinomios. Vexamos cómo a través duns exemplos.

### ► Exemplos

a) Imos expresar os polinomios seguintes como cadrado o como producto de dous binomios. Para iso, usamos as identidades notables:

$$A(x) = 4x^2 + 4x + 1 = (2x)^2 + 2 \cdot (2x) \cdot 1 + (1)^2 = (2x + 1)^2$$

$$B(x) = 9x^2 - 12x + 4 = (3x)^2 - 2 \cdot (3x) \cdot (2) + (2)^2 = (3x - 2)^2$$

$$C(x) = 4x^2 - 25 = (2x)^2 - (5)^2 = (2x + 5)(2x - 5)$$

b) Observa como factorizamos estes polinomios sacando factor común e utilizando as identidades notables:

$$D(x) = x^3(25x^2 - 20x + 4) = x^3(5x - 2)^2$$

$$E(x) = 2x(9x^4 + 24x^2 + 16) = 2x(3x^2 + 4)^2$$

$$F(x) = 4x^2(25 - 9x^4) = 4x^2(5 + 3x^2)(5 - 3x^2)$$

## Unha división exacta permite factorizar

Se ao dividir  $P(x) : Q(x)$  o cociente  $C(x)$  é exacto (o resto é cero), entón pódese poñer  $P(x) = Q(x) \cdot C(x)$ .

### Exercicio resolto

Dividir  $(2x^3 - 7x^2 - 11x + 6) : (2x + 3)$ .

Ao efectuar a división, comprobamos que o cociente é  $x^2 - 5x + 2$  e o resto é cero. Por tanto:

$$2x^3 - 7x^2 - 11x + 6 = (2x + 3)(x^2 - 5x + 2)$$

## Actividades

**3** Sacando factor común e identificando produtos de binomios, factoriza:

a)  $A(x) = x^2 + 4x + 4$

b)  $B(x) = x^2 - 6x + 9$

c)  $C(x) = x^2 - 1$

d)  $D(x) = x^4 - 10x^3 + 25x^2$

e)  $E(x) = 4x^2 + 12x + 9$

f)  $F(x) = x^2 - 9$

g)  $G(x) = x^3 - 4x$

h)  $H(x) = 9x^2 + 24x + 16$

i)  $I(x) = x^2 - \frac{1}{16}$

k)  $K(x) = x^2 - 0,01$

**4** Efectúa as divisións (son exactas) e expresa o dividendo como producto:

a)  $(10x^3 + 11x^2 - 13x + 55) : (2x + 5)$

b)  $(x^4 - 3x^3 + x^2 - 4x + 3) : (x - 3)$

c)  $(15x^3 - 13x^2 + 20x + 32) : (5x + 4)$

d)  $(6x^4 - 14x^3 - 21x^2 + 82x - 77) : (3x - 7)$

e)  $(2x^3 + 6x^2 + 2x - 12) : (x + 2)$

# 6P reparación para ecuaciones e inecuaciones

## Expresións de primeiro grao

Co fin de prepararte para a resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas de primeiro grao, convenche adquirir axilidade na operatoria e simplificación de expresións de primeiro grao.

### Exercicios resoltos

1. Simplificar esta expresión:

$$3(5x - 7) + 2(x - 1) - 5x + 3$$

2. Multiplicar por 36 e simplificar esta expresión:

$$-\frac{3(x+5)}{12} - \frac{2(11-x)}{9} + 6$$

3. Na expresión  $4x + 3y - 3$ , substituír  $x$  por  $7 - 4y$  e simplificar.

4. Multiplicar por 6 e simplificar esta expresión:

$$\frac{2(x-y+4)}{3} - \frac{2x-y}{2} - \frac{5}{6}$$

1.  $3(5x - 7) + 2(x - 1) - 5x + 3 = 15x - 21 + 2x - 2 - 5x + 3 = 12x - 20$

2.  $\begin{aligned} & -\frac{36 \cdot 3(x+5)}{12} - \frac{36 \cdot 2(11-x)}{9} + 36 \cdot 6 = \\ & = -9(x+5) - 8(11-x) + 216 = \\ & = -9x - 45 - 88 + 8x + 216 = -x + 83 \end{aligned}$

3.  $4x + 3y - 3 \rightarrow 4(7 - 4y) + 3y - 3 = 28 - 16y + 3y - 3 = -13y + 25$

4.  $\begin{aligned} & 6 \cdot \left( \frac{2(x-y+4)}{3} \right) - \frac{6(2x-y)}{2} - 6 \cdot \frac{5}{6} = \\ & = 2 \cdot 2(x-y+4) - 3(2x-y) - 5 = 4x - 4y + 16 - 6x + 3y - 5 = \\ & = -2x - y + 11 \end{aligned}$

### Actividades

- 1 Simplifica as seguintes expresións:

- a)  $3(x-1) + 5(x-2) - 7x$   
b)  $2(2x-3) + 1 - (x-5)$   
c)  $5x + 3(1-x) - 12 - 2(x-5)$   
d)  $10(x-1) + 2(x+9) - 4(2+3x)$   
e)  $3x-1 - (2x+1) - 1 + (x+2) + 3$

- 2 Multiplica polo número indicado e simplifica.

- a)  $\frac{3(x+2)}{2} + \frac{x-1}{5} - \frac{2(x+1)}{5} - \frac{37}{10}$  por 10  
b)  $\frac{2x-3}{2} - \frac{x+3}{4} + 4 + \frac{x-1}{2}$  por 4  
c)  $x + \frac{2x-3}{9} + \frac{x-1}{3} - \frac{12x+4}{9}$  por 9  
d)  $\frac{2x}{3} - \frac{3y}{2} - 2(x+y) + 3$  por 6  
e)  $\frac{2(x+1)}{3} - \frac{y}{2} - 1$  por 6

- 3 Expresa alxebraicamente e simplifica cada expresión:

- a) A suma dun número máis a súa terceira parte.  
b) A suma das idades de Ana e Raquel, sabendo que Ana ten 8 anos máis que Raquel.  
c) Investín unha cantidade,  $x$ , e aumentou un 12%. Qué cantidade teño agora?  
d) Investín unha cantidade,  $x$ , e perdín o 5%. Que cantidade teño agora?  
e) A suma de tres números consecutivos.  
f) O triplo dun número menos a súa cuarta parte.  
g) A suma das idades de Alberte e do seu pai, sabendo que este ten 28 anos máis que aquel.  
h) Un ciclista vai a unha velocidade  $v$ . Outro ciclista vén 10 km/h máis rápido. A que velocidade se chega un ao outro?

## Expresións de segundo grao

Con vistas á resolución de ecuacións de segundo grao, convenche adquirir axiliadade no manexo deste tipo de expresións.

### Exercicios resoltos

**1. Simplificar esta expresión:**

$$(x+5)^2 - 2(x+1)(x-3)$$

1.  $(x+5)^2 - 2(x+1)(x-3) =$  (efectuamos as multiplicacións)

$$= x^2 + 10x + 25 - 2(x^2 - 2x - 3) =$$
 (suprimimos parénteses)

$$= x^2 + 10x + 25 - 2x^2 + 4x + 6 = -x^2 + 14x + 31$$

**2. Multiplicar por 4 e simplificar esta expresión:**

$$\frac{(x-1)^2}{2} - \frac{(x+2)(x-2)}{4} - \frac{3}{4}$$

2.  $4 \cdot \frac{(x-1)^2}{2} - 4 \cdot \frac{(x+2)(x-2)}{4} - \frac{3}{4} =$

$$= 2(x-1)^2 - (x+2)(x-2) - 3 = 2(x^2 - 2x + 1) - (x^2 - 4) - 3 =$$

$$= 2x^2 - 4x + 2 - x^2 + 4 - 3 = x^2 - 4x + 3$$

**3. Expressar alxebricamente o produto de dous números pares consecutivos.**

3. Un número par calquera:  $2x$

O seguinte número par:  $2x + 2$

O producto:  $2x \cdot (2x + 2)$


Simplificando:  $4x^2 + 4x$

**4. Expressar alxebricamente a área total dun cilindro de 15 cm de altura e raio da base descoñecido.**

4.  $A_{\text{TOTAL}} = 2A_{\text{BASE}} + A_{\text{LATERAL}} = 2 \cdot \pi r^2 + 2\pi rh$

$$h = 15 \rightarrow A_{\text{TOTAL}} = 2\pi r^2 + 30\pi r$$

É unha expresión de 2.º grao con variable  $r$ .



### Actividades

**4** Simplifica as seguintes expresións:

- a)  $(x-1)(x+1) + (x-2)^2 - 3$
- b)  $(x+2)(x-3) + x - 3$
- c)  $(x+1)^2 - 2x(x+2) + 14$
- d)  $(x+1)^2 - (x-1)^2 + 2 - x^2 - 6$

**6** Expresa alxebricamente e simplifica cada expresión:

- a) O producto de dous números naturais consecutivos.
- b) O cadrado da hipotenusa dun triángulo rectángulo cuxos catetos miden  $x$  e  $x + 5$ .
- c) A área dun rectángulo cuxas dimensíons (longo e ancho) suman 11 dm.
- d) A área dun rectángulo de 200 m de perímetro.

**5** Multiplica polo número indicado e simplifica:

- a)  $x(2x+1) - \frac{(x-1)^2}{2} - 3$  por 2
- b)  $\frac{x(x+3)}{2} - \frac{(x+1)^2}{3} + \frac{1}{3}$  por 6

**7** A diferenza de dous números é 20. Se ao menor lle chamamos  $x$ :

- a) Como se designa o maior?
- b) Como se designa o seu producto?
- c) Como se designa a suma dos seus cadrados?



4. Se queres **reforzar** a simplificación de expresións non polinómicas, acude ao teu CD.

## Expresións non polinómicas

Hai expresións alxébricas que non son polinomios. Por exemplo:

$$\sqrt{x^2 + 7} - 2x - 2 \quad \frac{6}{x} - \frac{4}{x-2} \quad 2^x - x^2$$

Vexamos, con exemplos, como se manexan algunhas delas.

### Problemas resoltos

1.  $A = \sqrt{x^2 + 7}$ ,  $B = 2x - 2$

**Desenvolver**  $A^2 - B^2$  e **simplificar**.

2. **Multiplicar a expresión**

$$\frac{200}{x} + 5 - \frac{200}{x-2}$$

por  $x \cdot (x-2)$  e **simplificar o resultado**.

3. Un vendedor pensa sacar 200 € por  $x$  reloxos iguais.

a) **Expresar o prezo de cada reloxo.**

b) Se 2 reloxos están estragados e quere sacar 200 € polos restantes, a canto os debe vender?

4. Se os catetos dun triángulo rectángulo miden  $x$  e  $x+5$ , expresar a lonxitude da hipotenusa.

1.  $A^2 - B^2 = (\sqrt{x^2 + 7})^2 - (2x - 2)^2 = x^2 + 7 - (4x^2 - 8x + 4) = x^2 + 7 - 4x^2 + 8x - 4 = -3x^2 + 8x + 3$

2.  $\frac{200}{x} \cdot x \cdot (x-2) = 200 \cdot (x-2); \quad \frac{200}{x-2} \cdot x \cdot (x-2) = 200 \cdot x$ . Polo tanto:

$$\left( \frac{200}{x} + 5 - \frac{200}{x-2} \right) x \cdot (x-2) = 200(x-2) + 5x(x-2) - 200x = 200x - 400 + 5x^2 - 10x - 200x = 5x^2 - 10x - 400$$


3. a) Prezo de cada un dos  $x$  reloxos:

$$\text{PREZO} = \frac{\text{CUSTO TOTAL}}{\text{CANTIDADE}} = \frac{200}{x}$$

b) Prezo de cada un dos  $x-2$  reloxos:

$$\text{PREZO} = \frac{200}{x-2}$$

4.



$$\begin{aligned} \text{hipotenusa} &= \sqrt{x^2 + (x+5)^2} = \\ &= \sqrt{x^2 + x^2 + 10x + 25} = \\ &= \sqrt{2x^2 + 10x + 25} \end{aligned}$$

### Actividades

8 En cada caso, desenvolve  $A^2 - B^2$  e simplifica:

a)  $A = \sqrt{x}$ ,  $B = 3$

b)  $A = \sqrt{x}$ ,  $B = x - 2$

c)  $A = \sqrt{4x + 5}$ ,  $B = x + 2$

d)  $A = \sqrt{x + 1}$ ,  $B = x - 5$

e)  $A = \sqrt{2x^2 - 2}$ ,  $B = 1 - x$

f)  $A = \sqrt{3x^2 + 4}$ ,  $B = \sqrt{5x + 6}$

9 As dimensíons dun rectángulo son  $x - 3$  e  $x + 4$ . Expressa a lonxitude da hipotenusa.

10 Multiplica e simplifica.

a)  $\frac{10}{x+3} + 6 - 4x$  por  $x+3$

b)  $\frac{2000}{x} + 25 - \frac{2000}{x-4}$  por  $x \cdot (x-4)$

c)  $\frac{1}{x} + \frac{1}{x^2} - \frac{3}{4}$  por  $x^2$

11 Un grupo de  $x$  amigos aluga un autocar por 2000 €. Fallan 4 deles. Expressa alxébricamente a diferenza do prezo en ambos os casos (con todos eles ou con 4 amigos menos).

# E Exercícios e problemas

5

## PRACTICA

### Monomios

- 1** Indica cal é o grao dos seguintes monomios e dícales son semellantes:

a) $2x^2$	b) $-3x^3$	c) $\frac{1}{2}x^2$
d) $\frac{3}{4}x$	e) $-\frac{1}{3}x$	f) $x^3$
g) 3	h) $\frac{-4}{5}x^2$	i) $\frac{-1}{5}$

- 2** Calcula o valor numérico de cada un de estes monomios para  $x = -1$ , para  $x = 2$  e para  $x = \frac{1}{2}$ :
- |           |                     |                    |
|-----------|---------------------|--------------------|
| a) $3x^2$ | b) $\frac{2}{5}x^3$ | c) $-2x$           |
| d) $-x^2$ | e) $\frac{1}{2}x^2$ | f) $-\frac{1}{4}x$ |

- 3** Simplifica.

a) $2x^6 - 3x^6 - x^6$	b) $3x^2 - \frac{2}{3}x^2 + 5x^2$
c) $\frac{1}{2}x - \frac{3}{4}x + x$	d) $\frac{2}{5}x^2 - \frac{1}{10}x^2 + x^2$
e) $-2x^3 + x^3 - 3x^3$	f) $-\frac{5}{2}x^2 + \frac{1}{2}x^2 + 2x^2$

- 4** Dados os monomios  $A = -5x^4$ ,  $B = 20x^4$ ,  $C = 2x$ , calcula:

a) $A + B$	b) $A - B$
c) $3A + 2B$	d) $A^3$
e) $C^2$	f) $A^2 + C^8$
g) $A \cdot B$	h) $A \cdot C$
i) $B \cdot C$	k) $B : A$
l) $A : B$	m) $(B : C) \cdot A$

- 5** Efectúa as seguintes operacións e dícalo grao do monomio resultante:

a) $2x \cdot (-3x^2) \cdot (-x)$	b) $\frac{3}{4}x^3 \cdot (-2x^2) \cdot 2x$
c) $2x^3 \cdot (-x^2) \cdot 5x$	d) $x \cdot \left(-\frac{1}{2}x\right) \cdot \frac{3}{5}x$
e) $-\frac{1}{3}x \cdot 3x^2 \cdot (-x)$	f) $\frac{2}{5}x^2 \cdot \frac{3}{4}x \cdot \frac{10}{3}x^2$

- 6** Efectúa as seguintes divisións e dícalo grao de cada monomio resultante:

a) $(8x^3) : (2x^2)$	b) $(4x^6) : (2x)$
c) $(3x^3) : (2x^2)$	d) $(18x^3) : (2x^3)$
e) $\frac{20x^3}{2x^2}$	f) $\frac{-15x^6}{3x^2}$
g) $\frac{-7x^3}{2x^2}$	h) $\frac{-2x^2}{x^2}$

### Polinomios

- 7** Indica cal é o grao dos seguintes polinomios (lembra que deben estar en forma reducida):

a) $2x^4 - 3x^2 + 4x$	b) $x^2 - 3x^3 + 2x$
c) $x^2 - 3x^2 + 4x^3$	d) $-\frac{1}{2}x^3 + 3x^2$
e) $3x^3 - 2x^2 - 3x^3$	f) $-\frac{1}{4}x^5 - \frac{3}{5}x^2$
g) $2x + 3$	h) $-\frac{1}{3}x + 3x$

- 8** Dados os polinomios  $P = 2x^4 - 5x^3 + 3x - 1$  e  $Q = 6x^3 + 2x^2 - 7$ , calcula  $P + Q$  e  $P - Q$ .

- 9** Sexan os polinomios:

$$M = 3x^2 - 5x - 3 \quad N = \frac{1}{2}x^2 + \frac{3}{4}x + 1$$

$$K = x^2 - \frac{1}{3}x + \frac{2}{3}$$

Calcula:

$$a) 2M + 3K \quad b) M - 4N \quad c) 4N - 3K$$

- 10** Efectúa.

a) $3x(2x^2 - 5x + 1)$	b) $7x^3(2x^3 + 3x^2 - 2)$
c) $-5x(x^4 - 3x^2 + 5x)$	d) $-x^2(x^3 + 4x^2 - 6x + 3)$

- 11** Opera e simplifica.

a) $(5x - 2)(3 - 2x)$	b) $x(x - 3)(2x - 1)$
c) $(3 + 7x)(5 + 2x)$	d) $(x + 1)(3x + 2)(x - 2)$

- 12** Opera e simplifica:

a) $(3x^3 + 1)(2x^2 - 3x + 5)$
b) $(x^2 - 5x)(x^3 + 2x)$
c) $(x^3 - 2x + 3)(x^2 + 4x - 1)$
d) $(3x^2 - 2x + 2)(x^3 + 3x - 2)$

# E

# xercicios e problemas

**13** Calcula o cociente e o resto en cada unha destas divisións:

- a)  $(x^5 + 7x^3 - 5x + 1) : x$
- b)  $(x^3 - 5x^2 + x) : (x - 2)$
- c)  $(x^3 - 5x^2 + x) : (x + 3)$

**14** Acha o cociente e o resto en cada unha de estas divisións:

- a)  $(3x^2 - 7x + 5) : (3x + 1)$
- b)  $(4x^3 - x) : (2x + 3)$
- c)  $(5x^3 - 3x^2 + 8x) : (5x + 2)$

## Factorización de polinomios

**15** Saca factor común en cada caso:

- a)  $9x^2 + 6x - 3$
- b)  $2x^3 - 6x^2 + 4x$
- c)  $10x^3 - 5x^2$
- d)  $x^4 - x^3 + x^2 - x$

**16** Saca factor común en cada polinomio:

- a)  $410x^5 - 620x^3 + 130x$
- b)  $72x^4 - 64x^3$
- c)  $5x - 100x^3$
- d)  $30x^6 - 75x^4 - 45x^2$

**17** Expresa os polinomios seguintes como cadrado dun binomio:

- a)  $x^2 + 12x + 36 = (x + \square)^2$
- b)  $4x^2 - 20x + 25 = (\square - 5)^2$
- c)  $49 + 14x + x^2$
- d)  $x^2 - x + \frac{1}{4}$

**18** Expresa como produto de dous binomios os seguintes polinomios:

- a)  $x^2 - 16 = (x + \square)(x - \square)$
- b)  $x^2 - 1$
- c)  $9 - x^2$
- d)  $4x^2 - 1$
- e)  $4x^2 - 9$

**19** Expresa como un cadrado ou como produto de dous binomios cada un dos seguintes polinomios:

- a)  $25x^2 + 40x + 16$
- b)  $64x^2 - 160x + 100$
- c)  $4x^2 - 25$
- d)  $x^4 - 1$

**20** Saca factor común e utiliza os produtos notables para factorizar os seguintes polinomios:

- a)  $x^3 - 6x^2 + 9x$
- b)  $x^3 - x$
- c)  $4x^4 - 81x^2$
- d)  $x^3 + 2x^2 + x$
- e)  $3x^3 - 27x$
- f)  $3x^2 + 30x + 75$

## Expresións de primeiro grao

**21** Simplifica.

- a)  $6(x + 3) - 2(x - 5)$
- b)  $3(2x + 1) + 7(x - 3) - 4x$
- c)  $5(3 - 2x) - (x + 7) - 8$
- d)  $4(1 - x) + 6x - 10 - 3(x - 5)$
- e)  $2x - 3 + 3(x - 1) - 2(3 - x) + 5$
- f)  $2(x + 3) - (x + 1) - 1 + 3(5x - 4)$

**22** Multiplica polo número indicado e simplifica.

- a)  $\frac{1-2x}{9} - 1 + \frac{x+4}{6}$  por 18
- b)  $\frac{3x+2}{5} - \frac{4x-1}{10} + \frac{5x-2}{8} - \frac{x+1}{4}$  por 40
- c)  $\frac{x-3}{2} - \frac{5x+1}{3} - \frac{1-9x}{6}$  por 6
- d)  $\frac{x+1}{2} + \frac{x-3}{5} - 2x + 6 - \frac{x-8}{5}$  por 10
- e)  $\frac{1+12x}{4} + \frac{x-4}{2} - \frac{3(x+1)-(1-x)}{8}$  por 8
- f)  $\frac{3x-2}{6} - \frac{4x+1}{10} + \frac{2}{15} + \frac{2(x-3)}{4}$  por 60

## Expresións de segundo grao

**23** Simplifica as seguintes expresións:

- a)  $(x - 3)(x + 3) + (x - 4)(x + 4) - 25$
- b)  $(x + 1)(x - 3) + (x - 2)(x - 3) - (x^2 - 3x - 1)$
- c)  $2x(x + 3) - 2(3x + 5) + x$
- d)  $(x + 1)^2 - 3x - 3$
- e)  $(2x + 1)^2 - 1 - (x - 1)(x + 1)$
- f)  $x(x - 3) + (x + 4)(x - 4) - (2 - 3x)$

**24** Multiplica polo número indicado e simplifica.

a)  $(3x+1)(3x-1) + \frac{(x-2)^2}{2} - 1 + 2x$  por 2

b)  $\frac{x^2+2}{3} - \frac{x^2+1}{4} - \frac{x+5}{12}$  por 12

c)  $\frac{(2x-1)(2x+1)}{3} - \frac{3x-2}{6} - \frac{x^2}{3}$  por 6

d)  $\frac{(x+1)(x-3)}{2} + x - \frac{x}{4}$  por 4

e)  $x + \frac{3x+1}{2} - \frac{x-2}{3} - x^2 + 2$  por 6

f)  $\frac{x(x-1)}{3} - \frac{x(x+1)}{4} + \frac{3x+4}{12}$  por 12

## Expresións non polinómicas

**25** Desenvolve  $A^2 - B^2$  e simplifica en cada un dos seguintes casos:

a)  $A = \sqrt{x}$ ,  $B = x - 2$

b)  $A = \sqrt{25 - x^2}$ ,  $B = x - 1$

c)  $A = \sqrt{169 - x^2}$ ,  $B = x - 17$

d)  $A = \sqrt{5x + 10}$ ,  $B = 8 - x$

e)  $A = \sqrt{2x^2 + 7}$ ,  $B = \sqrt{5 - 4x}$

f)  $A = \sqrt{x + 2}$ ,  $B = x - 4$

**26** Multiplica pola expresión indicada e simplifica.

a)  $\frac{2}{x} - \frac{1}{2x} - \frac{3x}{2}$  por  $2x$

b)  $\frac{800}{x} - 50 - \frac{600}{x+4}$  por  $x(x+4)$

c)  $\frac{1}{x^2} - 2 - \frac{3-x}{3x^2}$  por  $3x^2$

d)  $\frac{x}{2} - 1 - \frac{2x-4}{x+4}$  por  $2(x+4)$

e)  $\frac{100}{x} + 5 - \frac{90}{x-4}$  por  $x(x-4)$

f)  $\frac{250}{x+1} - 5 - 3(4x-1)$  por  $x+1$

g)  $\frac{1}{x} + \frac{2}{x^2} - \frac{5}{9}$  por  $9x^2$

h)  $\frac{2-x}{2} + \frac{4}{2+x} - 1$  por  $2(2+x)$

## PENSA E RESOLVE

### Monomios, polinomios, factorización

**27** Ao multiplicar  $P(x)$  por  $3x^2$  obtivemos  $-15x^4$ . Canto vale  $P(x)$ ?

**28** Ao dividir  $M(x)$  entre  $2x^3$  obtivemos  $5x^2$ . Canto vale  $M(x)$ ?

**29** Calcula un polinomio  $P(x)$  de maneira que:

$$A(x) + P(x) = 2x^4 + x^3 + x^2 - 2x - 1$$

sendo:  $A(x) = x^3 + 3x^2 - 5x - 1$

**30** Calcula un polinomio  $P(x)$  de maneira que:

$$3A(x) - P(x) = -5x^3 + 3x^2 - 2x + 5$$

sendo:  $A(x) = x^2 - 2x + 1$

**31** Calcula un polinomio  $P(x)$  de maneira que:

$$A(x) - 2B(x) + P(x) = x^4 + x^3 + x^2 + x + 1$$

sendo:

$$A(x) = 2x^4 - 3x^2 - 4x + 5$$

$$B(x) = x^3 - 5x^2 - 5x + 9$$

**32** Efectúa as seguintes divisións e expresa o resultado da forma  $P(x) = Q(x) \cdot C(x) + R(x)$ :

a)  $(x^2 - 3x + 2) : (x + 4)$

b)  $(x^3 - 2x + 3) : (x^2 - 1)$

c)  $(3x^2 - 2x + 7) : (x - 2)$

d)  $(x^2 + x - 12) : (x + 3)$

**33** As seguintes divisións son exactas. Efectúaas e expresa o dividendo como produto de dous factores:

a)  $(x^5 + 2x^4 + x + 2) : (x + 2)$

b)  $(3x^3 + 7x^2 + 7x + 4) : (3x + 4)$

c)  $(x^3 - x^2 + 9x - 9) : (x - 1)$

d)  $(2x^3 - 3x^2 + 10x - 15) : (2x - 3)$

**34** Completa estas expresións:

a)  $(x - 3)^2 = x^2 - \square x + 9$

b)  $(2x + 1)^2 = 4x^2 + \square x + 1$

c)  $(x + \square)^2 = x^2 + \square x + 16$

d)  $(3x - \square)^2 = \square x^2 - \square x + 4$

# E

# xercicios e problemas

## Enunciados: primeiro grao

**35** Expresa alxebricamente e simplifica cada expresión obtida:

- A suma das idades de Alicia e María, sabendo que esta ten 7 anos máis que Alicia.
- A idade de Alberte dentro de 22 anos.
- A cantidade que se obtén ao investir  $x$  euros e gañar o 11%.
- Entre un ordenador e un equipo de música páganse 2 500 €. Se o ordenador cuesta  $x$  euros, canto custa o equipo de música?
- Comprar un artigo por  $x$  euros e perder o 15% do seu valor. Canto custaría agora?
- O prezo dunha cea á que acoden  $x$  persoas pagando cada unha 18 €.
- Os lados dun triángulo rectángulo no cal un dos catetos mide os  $3/5$  da hipotenusa, e o outro cateto, 5 cm menos que esta.
- Os lados dun triángulo rectángulo isóscele de 24 cm de perímetro.

**36** Na expresión  $\frac{x}{4} + \frac{y-1}{5} - 1$  substitúe  $x$  por  $1 - 3y$  e simplifica.

**37** En cada caso, desenvolve  $A + B$  e simplifica:

- $A = 4(x - 3) + y$        $B = 3(x + 3) - y - 18$
- $A = \frac{x+4}{5} - y + 1$        $B = \frac{x-6}{5} + y + 1$
- $A = -2\left(\frac{x+1}{3} + y - 1\right)$        $B = \frac{x-3}{4} + 2y - 1$
- $A = 6(x + 2) - 2(y + 7)$        $B = x + 2(y + 1)$

## Enunciados: segundo grao

**38** Expresa alxebricamente e simplifica cada expresión obtida:

- A área dunha lámina de bronce cuxa base mide  $5/3$  da súa altura.
- O cadrado dun número menos o seu triplo.
- O cadrado da hipotenusa dun triángulo rectángulo cuxos catetos miden  $16 - x$  e  $9 - x$ .
- A área dun cadrado de lado  $x + 3$ .
- A diferenza de áreas de dous cadrados de lados  $x$  e  $x + 3$ , respectivamente.

f) A superficie dun xardín rectangular de base  $x$  e perímetro 70 m.

g) O cadrado da hipotenusa dun triángulo rectángulo isóscele de 24 cm de perímetro.

h) A área dun rombo sabendo que a lonxitude dunha diagonal é o triplo da outra.

**39** En cada unha das seguintes expresións, substitúy  $y$  polo que se indica e simplifica:

- |                     |                  |
|---------------------|------------------|
| a) $xy + 2y - 2$    | $y$ por $1 - x$  |
| b) $xy - y^2$       | $y$ por $3 - 2x$ |
| c) $2x^2 + y^2 - 9$ | $y$ por $3x - 3$ |
| d) $x^2 + y^2 - 2$  | $y$ por $3 - 2x$ |

**40** En cada unha das seguintes expresións, substitúy  $x$  polo que se indica e simplifica:

- |                            |                         |
|----------------------------|-------------------------|
| a) $x(x - y) - 2(y^2 - 4)$ | $x$ por $-\frac{2y}{3}$ |
| b) $xy - 2$                | $x$ por $\frac{25}{2}y$ |
| c) $2xy - 3$               | $x$ por $4 - 2y$        |

**41** Se  $A = x^2 + y^2 - 74$  e  $B = 2x^2 - 3y^2 - 23$ , calcula  $3A + B$  e simplifica.

**42** Se  $A = 3x^2 - 5y^2 - 7$  e  $B = 11y^2 - 3 - 2x^2$ , calcula  $2A + 3B$  e simplifica.

## Enunciados: expresións non polinómica

**43** Dous números suman 40. Expresa alxebricamente a suma do menor máis a raíz cadrada do maior.

**44** O cateto dun triángulo rectángulo isóscele  $\frac{24-x}{2}$ . Expresa alxebricamente a lonxitude da hipotenusa e simplifica.

**45** Un grupo de  $x$  estudantes aluga un piso por 700 € ao mes. Apúntanse 2 más para alugalo. Expresa alxebricamente a diferenza de prezo en ambos os casos (con todos eles ou con 2 más).

**46** Un grupo de  $x$  amigos compran un regalo por 75,60 €. Tres deles non teñen diñeiro. Expresa alxebricamente a diferenza de prezo en ambos os casos (con todos eles ou con 3 menos).

## B

## Busca regularidades e xeneraliza

## Triángulo e potencias

Observa, comproba e compara:

		1		
	1	1	1	
1		2		1
1		3	3	1
1	4	6	4	1

Saberías engadir unha fila máis a este triángulo numérico? (Coñécese como **triángulo de Tartaglia**).



$$(a + b)^1 = 1a + 1b$$

$$(a + b)^2 = 1a^2 + 2ab + 1b^2$$

$$(a + b)^3 = 1a^3 + 3a^2b + 3ab^2 + 1b^3$$

$$(a + b)^4 = 1a^4 + 4a^3b + 6a^2b^2 + 4ab^3 + 1b^4$$



Saberías escribir o desenvolvemento de  $(a + b)^5$  sen necesidade de multiplicar  $(a + b)$  por si mesmo cinco veces?

## U

## Utiliza a linguaaxe alxébrica

## Binomios e potencias

Sabendo que  $a^2 = a + 2$ , transforma nunha potencia de base  $a$  as seguintes expresións:

3a + 2

5a + 6

11a + 10

21a + 22

A  
utoavaliación

## Reflexiona sobre a túa aprendizaxe

- Sabes operar con polinomios e obter o cociente e o resto dunha división?
- Factorizas un polinomio con axilidade?
- Manexas os procedementos para simplificar distintas expresións alxébricas?
- Melloraches a túa capacidade para traducir un enunciado á linguaxe alxébrica?

## Verifícalo resolvendo exercícios

1 Multiplica e simplifica:  $(2x + 3) \cdot (x^2 - 3x) - x(x + 8)$

2 Acha o cociente e o resto:  $(2x^3 + 3x^2 - 7) : (x + 1)$

3 Factoriza: a)  $x^4 - 16x^2$       b)  $x^3 - 6x^2 + 9x$

4 Reduce: a)  $6 \cdot \left( \frac{x^2 + 1}{3} - \frac{x^2 - 4}{6} - x + 1 \right)$

b)  $(\sqrt{5 - 3x})^2 - (3x + 1)^2$

5 Substitúe  $x$  por  $1 + 2y$  en  $x^2 - y - 8$  e simplifica.

6 Expressa alxebricamente e simplifica.

a) A diferenza dos cadrados de dous números que suman 7 unidades.

b) Prezo final dun produto que custa  $x$  euros despois dunha suba do 8%.

c) A hipotenusa dun triángulo rectángulo no que un cateto mide a metade do outro.

5. No teu CD-ROM tes unha **autoavaliación moiota más ampla e completa**. Nel encontrarás, ademais, orientacións e, se o desexas, as solucións dos exercicios.